# Dores Tembrás guía un novo roteiro da AELG entre os semáforos da Coruña

***Cultura*** Redacción

6 de novembro de 2026

https://xornaldacoruna.gal/2026/11/06/dores-tembras-guia-un-novo-roteiro-da-aelg-entre-os-semaforos-da-coruna/

Novo Roteiro literario da man da Asociación de Escritores en Lingua Galega na cidade. Este domingo 8 de novembro, a partir das 12:00 horas, Dores Tembras guiará unha viaxe baixo o título "Unha lebre entre semáforos".

Terá como punto de saída a porta da entrada ao Parque de Santa Margarita desde a Ronda de Nelle. A asistencia é gratuíta. Non é precisa inscrición previa.

En palabras da autora: "*Unha lebre entre semáforos* é a proposta para pasar xuntas unha mañá de domingo. Un percorrido a través dos poemas e as rúas que me sitúan na miña chegada á Coruña con sete anos. A palabra dará conta do encontro cun espazo urbano por veces hostil, pero tamén de fascinio e aprendizaxe. Vides camiñar comigo?"

Esta iniciativa da AELG pretende dar a coñecer as cidades e vilas do país da man das nosas escritoras e escritores, que exercen de guías tomando como base obras propias ou alleas vinculadas a eses espazos. Deste xeito, posibilítase que a cidadanía goce persoalmente dos espazos físicos na súa relación coa memoria literaria.